



Universidade de Vigo

Escola de Enxeñaría de  
Minas e Enerxía

**NORMATIVA PARA  
PROGRAMAS  
DE MOBILIDADE**

## Contido

<b>1. Normativa</b>	<b>3</b>
<b>2. Sobre os programas de intercambio</b>	<b>3</b>
<b>3. Proceso de solicitude</b>	<b>3</b>
<b>4. Requisitos do alumnado solicitante</b>	<b>3</b>
<b>5. Avaliación das solicitudes.</b>	<b>6</b>
<b>6. Contrato de estudos</b>	<b>6</b>
<b>7. Recoñecemento dos estudos</b>	<b>8</b>
<b>8. Aplicación</b>	<b>10</b>

## **1. Normativa**

A presente normativa reguladora dos programas de intercambio nacional e internacional (SICUE, ERASMUS+, ERASMUS prácticas, ISEP, acordos bilaterais, etc.) é específica para as titulacións da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EEME) da Universidade de Vigo. Proponse como modificación da antiga normativa transitoria aprobada pola Xunta de Escola do 6 de outubro de 2015.

## **2. Sobre o programa de intercambio**

O alumnado interesado en solicitar unha bolsa deberá conseguir información específica sobre as universidades de destino. A web da ORI (Oficina de Relacións Internacionais) dispón de enlaces coas páxinas de cada institución ([ORI-mobilidade](#)). Tamén se pode atopar información das universidades con acordo bilateral consultando á persoa responsable de mobilidade estudiantil da EEME ([eme.internacional@uvigo.es](mailto:eme.internacional@uvigo.es)).

## **3. Proceso de solicitude**

Todo o proceso relativo á solicitude das prazas convocadas está xestionado dende a ORI. Para calquera dúbida ao respecto (impresos, prazos, bolsas, etc.), as persoas solicitantes deberán dirixirse directamente á ORI (edificio Miralles, tfno.: 986 813 550; correo electrónico: [outgoing.ori@uvigo.es](mailto:outgoing.ori@uvigo.es)). A persoa responsable de mobilidade estudiantil do centro soamente é garante da información académica (elaboración de contratos de estudos, recoñecemento de materias, traballos fin de grao, etc.) e da preselección dos e das candidatas e as prazas.

## **4. Requisitos do alumnado solicitante**

O alumnado deberá cumplir os requisitos que, para todo o estudiantado da Universidade de Vigo, a ORI fai públicos na convocatoria de cada curso académico.

Adicionalmente, nas convocatorias destinadas á realización de materias fóra da Universidade de Vigo, o alumnado dos graos de Enxeñaría da Enerxía e Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, ou o alumnado do Mestrado Universitario en Enxeñaría de Minas, deberán cumplir os requisitos mínimos seguintes:

- Non ter sido beneficiario/a da mesma bolsa por un período superior a 12 meses nun mesmo ciclo de estudos (grao e mestrado).
- Deberán ter formalizada a matrícula na Universidade de Vigo, e na titulación para a cal solicitan a mobilidade, durante o curso no que gocen da bolsa.
- No caso de intercambio de estudiantes de grao, deberán ter superados polo menos 60 ECTS no momento de publicación da convocatoria. No caso de intercambio de estudiantes de mestrado, o alumnado deberá estar matriculado no momento de publicación da correspondente convocatoria.
- Non se poderán cursar en Universidades de intercambio materias nas que previamente se obtivera a cualificación de **suspensio** na Universidade de Vigo. Só se poderán cursar materias pertencentes ao 3º e 4º curso do grao. No caso do alumnado de mestrado, poderá cursar materias de 1º e 2º curso.
- No caso de estudios de grao, o período de estudios cursado no centro asociado pode ser **cuadri mestral** ou **anual**. No caso de intercambio cuadri mestral poderanse recoñecer ata un máximo de 30 ECTS e no caso de anual, 60 ECTS. No caso do mestrado, só se poderá estar noutra universidade un cuadri mestre e como máximo poderá recoñecerse ata un máximo de 30 ECTS.
- Nivel mínimo de idioma: na oferta de prazas que se fai pública xunto ca convocatoria, aparecerá especificado o requisito de idioma necesario en cada caso. Cando non se

especifique ningún nivel, entenderase como requisito mínimo o B1 en inglés. En algúns casos, a universidade de destino esixe un nivel de coñecemento mínimo no idioma do país de destino. O nivel de coñecementos previos pode acreditarse mediante a presentación de certificados oficiais que se detallan na convocatoria (información dispoñible na páxina [web da ORI](#)). En caso contrario deberán superar as probas de idiomas (inglés, francés, alemán, etc.) que serán organizadas pola ORI en colaboración co [Centro de Lingua da Universidade de Vigo](#).

No caso das ERASMUS prácticas:

- Estar matriculado/a na Universidade de Vigo no curso no que solicita a bolsa en estudos conducentes á obtención dun título oficial e recoñecido en todo o territorio nacional, quedando excluídos da presente convocatoria o estudiantado procedente de institucións estranxeiras que estea a gozar de calquera programa nacional ou internacional de mobilidade na Universidade de Vigo, así como os/as estudiantes visitantes. No caso de prácticas curriculares deberá estar matriculado/a nesta materia.
- É necesario ter superado polo menos o 50% dos créditos de que conste a titulación. Este requisito non é aplicable para o alumnado de mestrado e doutoramento .
- Contar coa carta de aceptación da empresa onde se realizan as prácticas.
- Posuir a nacionalidade dalgún dos estados membros da UE, dos tres países integrantes do Espazo Económico Europeo (Islandia, Noruega e Liechtenstein), e Turquía e a Antiga República Iugoslava de Macedonia. Tamén poderán participar estudiantes, que, non sendo nacionais dun dos países participantes, acrediten un permiso de residencia válido para residir en España durante todo o período de realización da mobilidade.

- Non manter relación contractual coa empresa proposta para realizar as prácticas.
- Acreditar o nivel de coñecemento do idioma que lle permita desenvolver as prácticas que vai realizar.

## 5. *Avaliación das solicitudes*

De entre o alumnado que acade os requisitos mínimos, a selección farase en función das bases de cada convocatoria, considerando principalmente o expediente académico, nota media simple (segundo o DOG 30 de setembro de 2011, resolución do 15 de setembro de 2011). En caso de expedientes coa mesma nota media e peticións de destino coincidentes, daráselles preferencia ao alumnado que non gozase con anterioridade dunha bolsa de mobilidade. Se persiste a coincidencia, terá prioridade o alumnado que posúa unha cualificación superior no idioma do país de destino ou, no seu defecto, en inglés.

En caso de que algúén teña tódalas súas alternativas escollidas por outras persoas que lles tocaba elixir antes, permitírselle escoller outra posibilidade durante a reunión organizada para distribuír as prazas (realizada entre as datas de publicación da listaxe provisional e a definitiva).

O citado proceso de avaliación e selección será levado a cabo pola Subdirección de relacóns externas e mobilidade estudantil da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, que posteriormente remitirá a lista definitiva á ORI, nos prazos establecidos na convocatoria ordinaria.

## 6. *Contrato de estudos*

Unha vez resolta a concesión das bolsas, a ORI publicará a resolución reitoral correspondente e enviará unha copia ás persoas responsables das relacóns

internacionais dos centros.

O alumnado seleccionado deberá proponer, coa colaboración e aceptación da Subdirección de relacóns externas e mobilidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, o seu “*Contrato de Estudos*” (*Learning Agreement*). No caso de titulacóns de mestrado, o contrato debe contar co informe favorable da Comisión Académica da titulación. A data límite para a súa presentación quedará reflectida na convocatoria do programa correspondente. No caso do TFG/TFM, o alumnado debe ter asignado/a un/unha docente titor/a na Universidade de destino e designarase á persoa responsable de intercambio no centro como cotitor/a só a efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.

Para o establecemento do contrato de estudos, buscarase a máxima afinidade de temario e carga lectiva, establecendo como base de medida o crédito ECTS. No caso de titulacóns do centro que habilitan para unha profesión regulada, o contrato de estudos terá que garantir que necesariamente se adquieren as competencias vincelladas ao exercicio da profesión en base ao establecido na correspondente Orden CIN.

Con posterioridade, durante o curso, o alumnado poderá solicitar modificacóns nas materias na Universidade de destino por escrito á Subdirección de relacóns externas e mobilidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. O prazo para facelas efectivas só se indicar na convocatoria de cada ano. Paralelamente o alumnado pode estar matriculado noutras materias exclusivamente na Universidade de Vigo, con carácter de *matrícula ordinaria*. Non se poderán facer cambios no carácter das materias, é dicir, pasar de matrícula ordinaria a matrícula baixo acordo de mobilidade ou viceversa. Excepcionalmente valorarase a admisión de cambios entre materias de matrícula ordinaria e matrícula baixo acuerdo de mobilidade ou viceversa no caso de que se xustifique a imposibilidade de cursar a materia en destino.

No caso das ERASMUS prácticas, o proceso de selección e do plan de traballo será realizado directamente a través Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo.

## 7. *Recoñecemento dos estudos*

O recoñecemento académico só afectará a materias nas que o alumnado se atope matriculado na Universidade de Vigo durante o curso académico en que realice o intercambio e que aparezan reflectidas no seu contrato de estudos (orixinal + modificacóns).

Este recoñecemento só será efectivo cando o alumnado estea de volta na Universidade de Vigo. Os certificados coas notas das materias cursadas nas universidades de destino (*Transcript of Records*) serán remitidos por estas directamente á ORI ou á Subdirección de relacións externas e mobilidade estudiantil da EEME.

A transcripción de notas farase materia por materia acorde ao establecido no contrato de estudos. Mientras que nas bolsas de mobilidade nacional (por exemplo SICUE) a transcripción das cualificacións farase de maneira directa, no caso das bolsas de mobilidade internacional, a transcripción da cualificación non será directa, senón que será ponderada pola nota media do expediente que o alumnado posuía antes de comezar o período de mobilidade. Deste xeito, tódalas materias **aprobadas** adoptarán a seguinte nota (sempre en base numérica):

$$\text{Se } x_i' \leq \bar{x} \quad x_i = \bar{x}$$

$$\text{Se } x_i' > \bar{x} \quad x_i = \frac{(x_i' + \bar{x})}{2}$$

Onde  $\bar{x}$  = nota media simple antes do intercambio,  $x_i'$  = nota acadada na universidade

de destino transcrita a escala (1-10) e  $x_i$  = nota final reflectida no expediente. Esta metodoloxía de recoñecemento promóvese para que a influencia da estancia na nota media do expediente non sexa desmesurada (nin positiva nin negativamente).

Cando o alumnado non supere unha materia na universidade de destino reflectirse como suspenso na correspondente materia pola que avalia na Universidade de Vigo. O alumnado poderá presentarse a un segundo exame na universidade de destino, se esta contempla dita posibilidade. En ningún caso poderá facelo na Universidade de Vigo dentro do curso académico.

No caso do TFG/TFM, para proceder á defensa do mesmo, o traballo deberá recibir previamente o informe favorable do titor/a na Universidade de destino e o visto e prace da persoa responsable do intercambio da Universidade de Vigo. Recoñeceranse os créditos do TFG/TFM sempre que a universidade de destino onde realizou o intercambio certifique oficialmente a superación da materia vinculada ó TFG/TFM. A Universidade de destino deberá enviar un documento no que conste a cualificación obtida, a data de defensa e o número de créditos do TFG. A cualificación recoñecida será a transcripción da obtida na Universidade de destino seguindo a mesma fórmula detallada anteriormente.

No caso das ERASMUS practicas, as horas realizadas poderán ser recoñecidas como prácticas curriculares ou extracurriculares segundo procedemento establecido pola

EEME. En ningún caso, o mesma tarefa desenvolvida durante a estadía financiada por ERASMUS prácticas poderá ser utilizada como material principal de TFG ou TFM.

## 8. Aplicación

A presente normativa entrará en vigor dende a súa aprobación.

Asinado



Subdirector de Relacións externas e mobilidade estudantil da EEME